

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.  
CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA  
CURSOS: 2º ESO  
MATERIA: LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA.  
PROFESORA: ROSA RODIÑO NÚÑEZ  
DEPARTAMENTO: LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA.  
DATA: 12-5-2020

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3<sup>o</sup> trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1-Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. escoitar de forma activa, comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.	LCLB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito persoal, escolar/ educativo e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do/da falante.
B1.4. Comprender o sentido global de textos orais	LCLB1.4.1. Recoñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.
B1.5. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.	LCLB1.5.1. Realiza presentacións orais
B1.5. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.	LCLB1.5.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.
B1.6. Participar e valorar a intervención en debates, coloquios e conversas espontáneas	LCLB1.6.1. Cínguese ao tema, non divaga e atende as instrucións do/da moderador/a en debates e coloquios
B2.1. Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos.	LCLB2.1.1. Pon en práctica diferentes estratexias de lectura en función do obxectivo e o tipo de texto.
B2.1. Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos	LCLB2.1.3. Relaciona a información explícita e implícita dun texto, e pon en relación co contexto.
B2.1. Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos	LCLB2.1.4. Deduce a idea principal dun texto e recoñece as ideas secundarias, comprendendo as relacións que se establecen entre elas.
B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.	LCLB2.2.2. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc
B2.3. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.	LCLB2.3.1. Utiliza de xeito autónomo diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.
B2.4. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados	LCLB2.4.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.

B2.5. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.	LCLB2.5.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo.
B2.5. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.	LCLB2.5.2. Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo.
B3.2. Comprender o significado das palabras en toda a súa extensión para recoñecer e diferenciar os usos obxectivos dos subxectivos.	LCLB3.2.1. Diferencia os compoñentes denotativos e connotativos no significado das palabras dentro dunha frase ou un texto oral ou escrito.
B3.4. Recoñecer os cambios de significado que afectan a palabra no texto: metáfora, metonimia, palabras tabú e eufemismos	LCLB3.4.1. Recoñece e explica o uso metafórico e metonímico das palabras nunha frase ou nun texto oral ou escrito.
B3.5. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso.	LCLB3.5.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), e valora a súa función na organización do contido do texto.
B3.9. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LCLB3.9.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.
B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás afeccións, amosando interese pola lectura.	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses
B4.2. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes (música, pintura, cine, etc.), como expresión do sentimento humano, analizando e interrelacionando obras literarias, musicais, arquitectónicas, etc. personaxes e temas de todas as épocas.	LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).
B4.3. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas	LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas

vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.	compañeiros/as.
B4.4. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.	LCLB4.4.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.

## 2-Avaliación e cualificación.

<b>Avaliación</b>	Procedementos: Proba específica de manexo de fontes informáticas, probas específicas de expresión e comprensión oral e escrita, proba específica para o desenvolvemento do gusto pola escritura e educación literaria.
	Instrumentos Rexistro e seguimento da realización das tarefas propostas no caderno de clase, portfolio.
<b>Cualificación final</b>	Media das dúas primeiras avaliacións + ata 2 puntos polas tarefas deste período. As tarefas enviadas durante o terceiro trimestre foron pensadas para consolidar o perfil comunicativo do alumno, o cal comprende a expresión e comprensión oral e escrita, polo que serán tidas en conta en tanto que manifesten consolidación ou evolución en dito perfil. As tarefas entregadas unha vez corrixidas para todo o alumnado e enviadas as solucións, non serán estimadas para a nota. Independentemente da entrega das tarefas, o alumnado con avaliacións suspensas terá un exame, presencial ou por vía telemática, no mes de xuño.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	En setembro a proba de avaliación consistirá nun exame baseado nos contidos impartidos ata o 13 de marzo . A proba terá en conta os catro piares do perfil comunicativo :expresión e comprensión oral e escrita e educación literaria.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Non procede

3-Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

<p><b>Actividades</b></p>	<p>Actividades de reforzo e repaso do proxecto do debate e do da publicidade relativos ó primeiro e segundo trimestre, así como outras relacionadas co perfil comunicativo , e ampliación. As de ampliación centradas no derradeiro proxecto do curso que traballaba os xéneros literarios:</p> <p>Cuestionario sobre a linguaxe científica da pandemia covid 19. Manexo do dicionario.</p> <p>Realización dun anuncio publicitario</p> <p>Tarefa de expresión escrita: observación de imaxe con mascariña para a elaboración dun texto expositivo-instructivo cohesionado</p> <p>Tarefa de comprensión escrita a partires dun conto de terror de Edgar Allan Poe</p> <p>Tarefa de expresión literaria e gusto pola escritura (Portfolio)para crearen un conto de terror.</p> <p>Tarefa de expresión oral a partires da observación dun graffiti de Banski e un cadro de Edward Munch.</p> <p>Tarefa de ortografía:” Canciones Horteras para una orografía decente”</p> <p>Tarefas de reforzo para os alumnos suscrito sós plans de inicio de curso</p> <p>Tarefas para os alumnos repetidores.</p> <p>Tarefas de ampliación: “Un cuento literario para los alumnos de infantil”</p>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p>*Previa enquisa e información dos titores, ningún alumno presentou problemas de conectividade.</p> <p>Os domingos pola noite cólganse as tarefas na aula virtual do centro, na que aparecen unha ampla, detallada e minuciosa explicación das mesmas, e cando se precisa exemplos de posible solución para que o alumnado os teña de referente. Tamén se colgan os materiais necesarios para a súa elaboración e o prazo de entrega.</p> <p>Por acordo xeral do profesorado da ESO en reunión telemática, estableceuse os venres ás 17:00 horas como prazo para a entrega das tarefas por parte do alumnado. Esta entrega de tarefas realízase a través do correo electrónico facilitado pola profesora.</p> <p>Durante a semana a profesora vai resolvendo dúbidas que plantexa o alumnado.</p> <p>Recibidas as tarefas e feitas as precisións necesarias ao alumnado,</p> <p>cólganse as solucións das tarefas para que o alumnado poida consultar con tranquilidade.</p>
<p><b>Materiais e</b></p>	<p>Documentos e actividades deseñadas de xeito propio</p>

<b>recursos</b>	pola profesora. As páxinas web son empregadas para reforzar as actividades de uso de mecanismos de cohesión a fin de fortalecer a expresión e comprensión escrita e oral.
-----------------	---

#### 4- Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A profesora utilizará a aula virtual e o correo electrónico para a comunicación co alumnado e familias
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.